

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Sistemas de Información
b) Titulación.	ADE
c) Créditos	4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1.5)
d) Curso.	Quinto (Esp. Dir. Xeral)
e) Código da materia.	611211621
f) Tipo.	Optativa
g) Impartición.	Primeiro Cuatrimestre
h) Departamento/s responsable/s.	Economía Financeira e Contabilidade
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	
Carlos Piñeiro Sánchez	

Información por grupo

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Carlos Piñeiro Sánchez

2) Lugar e horario de titorías

Facultade de Cc. Económicas e Empresariais

Luns e Martes, de 17.00 a 18.45

3) E-mail

carpi@udc.es

4) Universidade Virtual

Sí

5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego / Castelán indistintamente

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

O obxectivo do curso é desenvolver un coñecemento básico dos sistemas de información empresariais, e dalgunhas das máis relevantes aplicacións de negocios das tecnoloxías da información. A perspectiva de ensino é a dun directivo de negocios mixto ou "híbrido" que, aínda non sendo un experto en TI, debe posuír un coñecemento concreto das implicacións estratéxicas, organizacionais, e de negocios dos SI/TI.

III. METODOLOXÍA

A organización do curso foi deseñada co obxectivo de reduci-la participación da lección maxistral, en beneficio de estratexias de aprendizaxe activa por parte do alumno.

Neste sentido pretendemos facer descansar o peso do curso no traballo persoal do alumno, baseado na análise de casos. Estes casos, algúns deles reais e outros deseñados ad hoc para enfocarlle a atención do alumno, serán analizados individualmente con carácter previo á súa discusión colectiva na aula.

Pretendemos que este modelo de traballo contribúa ó logro de dous obxectivos académicos, na nosa opinión críticos para a formación dos futuros directivos: a) o desenvolvemento dunha visión mixta, compartida, capaz non só de analizar a problemática de negocios senón tamén de diagnosticar as oportunidades e ameazas derivadas da tecnoloxía; e b) o desenvolvemento dunha capacidade de aprendizaxe continua, necesaria para afrontar o dinamismo das TI.

A lección magistral queda xa que logo reservada para os seus fins orixinais: proporcionar un encadre inicial da temática de traballo, facilitar o tratamento das cuestións problemáticas ou especialmente complexas, e organizar o traballo do grupo

IV. AVALIACIÓN

A nosa intención é que a avaliación do progreso académico do alumno poida ser realizada en atención a: a) o esforzo e o aproveitamento amosados nos traballos periódicos e na análise de casos, e b) a participación activa nas actividades colectivas, como os debates.

Alternativamente, os alumnos poden optar tamén polo sistema clásico de avaliación, consistente nun exame final baseado en preguntas curtas.

A opción por un ou outro sistema deberá realizarse de forma expresa ó inicio de curso, tendo en conta que ámbolos modelos de avaliación son incompatibles e excluítes: quen opte polo sistema de exame final non poderá posteriormente acollerse ó modelo de avaliación baseado en traballos; da mesma forma, quen non verifique exhaustivamente as esixencias de formato, contido e prazos de presentación dos traballos persoais deberá someterse ó devandito exame final, con toda a materia.

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

1. Fundamentos de sistemas de información
2. Os sistemas transaccionais
3. Os sistemas orientados á decisión
4. Aspectos organizacionais e estratéxicos
5. Algunhas cuestións de xestión
6. Comercio electrónico

VI. RECOMENDACIONES

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Os aspectos básicos do temario están recollidos no seguinte manual: Piñeiro Sánchez, C. (2003): Sistemas y tecnologías de la información en la empresa. Una perspectiva de negocios

Existe asemade unha ampla reseña bibliográfica, dispoñible na web da materia.